

g) Circunvalación de núcleos rurais

Abelendo, Ameixoada, ...

Núcleos de poboación que se deben circunvalar dada a imposibilidade de ampliar a estrada neses tramos. Ao mesmo tempo, mellorarían as condicións de vida e a comunicación entre a veciñanza, gañando espacio para a convivencia, e seguridade para os seus habitantes.

2. **Circunvalacións urbanas.**

A ausencia de circunvalacións dificulta o tránsito de vehículos e o movemento dos cidadáns a pé ou en bicicleta. Impide tamén a expansión ordenada e racional das vilas.

Cangas e Moaña téñenas aprobadas nos seus planeamentos, e sería posible realizar estudos serios da viabilidade das actuais ou propoñer outros trazados.

Suporían 5 Km de novo trazado que evitarían o paso polos centros urbanos, humanizando a vida das vilas e mellorando a fluidez do tráfico.

3. **Reducción da necesidade de desprazarse,**

dotando á comarca dos servizos e equipamentos axeitados para unha poboación de 60.000 habitantes, que por non telos, obrígnanos a perder tempo na estrada para chegar a eles. (Hospital, delegacións administrativas, instalacións deportivas, de ocio, etc.)

4. **Potenciación do transporte público colectivo,**

especialmente o marítimo como opción de futuro fronte ó problema do tráfico. Son posibles novas liñas marítimas entre diferentes puntos: Nerga, Meira, Domaio, Ríos, Teis, Bouzas, ..., liñas directas ás praias no verán, e liñas de autobuses coordinadas que faciliten o transporte público integral dende calquera lugar.

Subvención oficial que permita os bonos-desconto de utilización en distintas liñas e diversos medios.

¿Por que non se comeza por estas actuacións, que serán necesarias con ou sen vía rápida?

Teríamos unha comarca con modernas vías e medios de comunicación, preparada para situacións futuras que xa vemos preto, e sobre todo, cunha calidade de vida á altura dos tempos que vivimos e que tamén merecemos.



do Morrazo

Apdo. 49 - CANGAS - morrazo@arrakis.es - www.arrakis.es/~morrazo

BOLETÍN INFORMATIVO * VERÁN 2002 *

Cando no Morrazo estamos a padecer os peores atascos do ano, aparecen as voces “cualificadas” prognosticando que isto non ten solución ata que se faga a vía rápida. Se iso fóra certo seríamos un dos poucos sitios onde hai atascos, pois vías rápidas e autoestradas enchen xa o país. Nestes casos non hai nada mellor que ver o que está a pasar noutros lugares para abrir os ollos á tozuda realidade.

Luns, 1 de xullo de 2002.

Faro de Vigo: Arousa

LA SOLUCIÓN DE LOS PROBLEMAS DE TRÁFICO EN O GROVE DEJA EN EVIDENCIA A LA VÍA RÁPIDA

“... Ayer pudo verse que los vehículos entraban y salían de A Toxa sin atascos y transitando sin problemas por los cuatro carriles de A Lanzada. Pero al llegar a la vía rápida se repetían las retenciones de costumbre.”

Luns, 8 de xullo de 2002.

Diario de Arousa

O SALNÉS VIVIÓ AYER LAS PRIMERAS RETENCIONES KILOMÉTRICAS DEL VERANO

“Sanxenxo, O Grove y la Vía Rápida registraron los principales atascos. La entrada de la vía rápida de Sanxenxo registraba un atasco que llegaba hasta la playa de Pragueira, ... La situación empeoró a lo largo de la tarde...”

Luns, 8 de xullo de 2002.

El Correo Gallego

LAS TEMPERATURAS FAVORECIERON LA AFLUENCIA MASIVA A LAS PLAYAS

“Las carreteras de acceso a las playas registraron las retenciones más importantes a última hora de la tarde de ayer, principalmente en la vía rápida que enlaza con Sanxenxo,....”

Luns, 22 de xullo de 2002.

Faro de Vigo

UNA CARAVANA DE MÁS DE CINCO KILÓMETROS COLAPSA LA AUTOPISTA PUXEIRO-S-VAL MIÑOR

“... Los automovilistas tardaron más de dos horas en recorrer una distancia que, en condiciones normales, se realiza en quince minutos.”



Luns, 22 de xullo de 2002.

La Voz de Galicia: Arousa

CARAVANAS EN LOS VIALES DE PLAYAS, PESE AL TIEMPO IRREGULAR

“*Intensas caravanas se produjeron ayer de nuevo en los viales que conducen a las playas,... La C-550, tanto en la zona de Sanxenxo como en la de Marín, volvió a ser uno de los puntos de congestión.*”

Luns, 22 de xullo de 2002.

El Correo Gallego

LARGAS COLAS EN GALICIA EN LOS ACCESOS A LAS PLAYAS

“*Lo que comenzó como una agradable tarde de playa se convirtió ayer en una verdadera odisea para cientos de conductores que disfrutaron del buen tiempo en los arenales del Barbanza, de Noia o de las Rías Baixas y que al emprender su vuelta a Santiago se vieron envueltos en desesperantes e interminable caravanas.*”

“*La salida de localidades costeras como Sanxenxo, Portosín, Corrubedo, Ribeira o Noia se convirtieron en un verdadero enjambre de coches ...*”

• • ◆ • •

O Val Miñor, O Salnés e O Barbanza teñen vías *chamadas* de alta capacidade pero non están libres dos atascos. ¿Por que insisten en facer a vía rápida do Morrazo para solucionarlos?

¿Por que nin falan de abrir as circunvalacións de Moaña e Cangas?

¿Por que non se realizan melloras *de sentido común* na C-550?

E se pensan facer a vía rápida,... nos catro ou cinco anos que tarde en poder usarse,... ¿Que?

Estase a enganar aos veciños e visitantes coa necesidade de facer a vía rápida para solucionar os problemas de tráfico cando está demostrado que agravan a situación. As vías rápidas, onde se fixeron só beneficiaron á especulación urbanística, e no Morrazo só ten un obxectivo: o gran negocio sobre catro millóns de metros cadrados de monte comunal usurpado aos veciños de Aldán.

Vista pois a súa finalidade, comprobada a súa ineficacia para resolver os problemas de comunicación, e ante o gravísimo desastre ambiental, cultural e social que podería provocar semellante obra, opoñémonos á construción da vía rápida do Morrazo e pedimos que se adopten solucións racionais en consonancia coas directivas europeas en materia de comunicacións e medio ambiente e demais documentos polo desenvolvemento sostible asinados por tódolos países democráticos.

A NOSA PROPOSTA ALTERNATIVA

1. Mellora da rede viaria comarcal.

A estrada da costa, C-550, atópase nun estado lamentable a causa do negligente e irresponsable abandono en que se deixou caer.

Lonxe de acometer actuacións de mellora que resolvan os problemas, adóptanse medidas absurdas que complican a circulación ata o punto de converter o seu percorrido nunha aventura de alto risco. Mesmo parece que ese fóra o obxectivo perseguido.

MELLORAS NECESARIAS:

a) Terceiro carril.

En 8 dos 14 Km que hai entre Cangas e a Ponte de Rande, é posible anchar a C-550. Admitiría carril para vehículos lentos, carrís de desvío e incorporación, e beiravía para peóns e bicicletas.

b) Paradas de autobús fóra da calzada.

Entre Cangas e Ponte de Rande hai unhas 15 paradas en cada sentido, que supoñen outras tantas retencións para o tráfico, por ter que deterse os autobuses en plena calzada.

c) Rotondas.

Substitúen aos semáforos e melloran a fluidez do tráfico. Solucionarían cruces como os de Domaio-Cemiterio, A Borna, A Guía, ...

d) Semáforos intelixentes.

Detectan por sensores a presenza de vehículos e actúan só cando é preciso. Melloran a fluidez da vía primaria sen prexudicar os accesos dende vías secundarias.

e) Pasos elevados ou subterráneos para peóns.

Melloran a fluidez do tráfico e a seguridade das persoas.

f) Mellora das estradas secundarias.

As estradas secundarias son estreitas e mal conservadas, carecen de beiravías ou beirarrúas polo que fan difícil a circulación de vehículos e perigoso o transito de peóns e ciclistas.

Portal do Cego - Ameixoadá - Coiro

Coiro - A Madalena

A Madalena - Herbelo - Rozabales,

Estradas con menos de 5 metros de ancho que se deben adecuar para mellorar a comunicación do rural e desconxestionar a C-550.

